

11 de outubro de 2018.

Estimada compañeira:

Estimado compañeiro:

Todos/as compartimos que entramos nun ciclo electoral que vai determinar o futuro dos nosos Concellos, de Galicia e do país en xeral. Por iso, resulta imprescindible a participación e mobilización da nosa militancia para que poidamos transmitir a sociedade a ilusión e o orgullo que sentimos dos nosos gobernos municipais e provincias e do goberno central presidido por Pedro Sánchez.

Secretaría de
Organización
CENG

No día de hoxe a Comisión Executiva Federal vén de aprobar e convocar, a instancia da Comisión Executiva Nacional Galega, o proceso de primarias para a elección de candidato/a á Alcaldía dos Concellos de mais de 20.000 habitantes, así como o procedemento de elección de candidatos/as á Presidencia da Xunta de Galicia.

Considerando o escenario político actual, cheo de incertezas, de múltiples procesos electorais sucesivos e para ter o Partido preparado para calquera eventualidade que poida xurdir en Galicia, o Partido abre tamén o proceso de primarias autonómicas. Un Partido fortalecido e cun referente claro vains permitir afrontar o futuro con seguridade e responsabilidade para propiciar o cambio que Galicia precisa.

Dado que os/as militantes deste partido somos os auténticos protagonistas destes procesos, infórmoche que na páxina web do PSdeG-PSOE (www.psdeg-psoe.gal) atoparás os calendarios, o Regulamento Federal que rexe este proceso de primarias e o resto de información necesaria. Tamén podes utilizar o teléfono 981552030 da sede nacional do Partido ou dirixirte as sedes provincias e locais da nosa organización.

Estou convencido que co traballo e a ilusión de todos e todas os/as militantes deste Partido acadaremos os mellores resultados, e contribuiremos dende as institucións públicas a mellorar a vida dos/as nosos/as concidadáns/ás.

Un cordial saúdo socialista.



Asdo.: José Antonio Quiroga Díaz.
Secretario de Organización da CENG.

Nota: Para calquera tipo de aclaración ou comunicación en relación con este proceso de primarias, habilitamos dúas contas de enderezo electrónico:

- primariasautonomicas2018@socialistasdegalicia.com
- primariasmunicipais2018@socialistasdegalicia.com